



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL SOBRADO

Aprobación do Plan económico-financeiro 2026-2027

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Sobrado, en sesión ordinaria do 25 de marzo de 2026, acordou a aprobación do Plan económico-financeiro 2026-2027.

Dacordo co establecido no artigo 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e o artigo 26.1 do RD 1463/2007 se procede á súa publicación no BOP a efectos informativos así como no Portal da Transparencia, para o seu xeral coñecemento.

O contido do plan é o seguinte:

PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DE SOBRADO - PERÍODO 2026/2027

ÍNDICE

1. Introducción
2. Contido e tramitación
3. Situación actual
4. Xustificación do incumprimento
5. Medidas a adoptar para correxir a situación
6. Previsión de evolución das magnitudes económicas e orzamentarias
7. Seguimento e control

1. INTRODUCCIÓN

A Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEPSF) establece no seu artigo 3 que “a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarse nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea”. Nel defínese a estabilidade orzamentaria como a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 11.4 da LOEPSF establece que as corporacións locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

O artigo 12 da LOEPSF regula a regra fiscal “regra de gasto”, sinalando que a variación do gasto computable das administracións non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española. Non obstante, cando exista un desequilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda superior ao obxectivo establecido, o crecemento do gasto computable axustarase á senda establecida nos respectivos plans económico-financeiros e de reequilibrio previstos nos artigos 21 e 22 da LOEPSF.

Do mesmo xeito hai que ter presente a obrigatorioidade de cumprir co principio de sostibilidade financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial, de conformidade co establecido na normativa de morosidade das operacións comerciais e na normativa europea.

Mediante resolución de alcaldía de data 05/02/2025 aprobouse a liquidación do orzamento do exercicio 2025. Con carácter previo a esta resolución, logo das actuacións do peche contable, a intervención municipal elaborou os informes correspondentes ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda, coas seguintes conclusións:

I. Obxectivo estabilidade orzamentaria, capacidade de financiamento:	CUMPRE: +60.535,90 €
II. Obxectivo de regra de gasto:	INCUMPRE - Diferenza entre límite regra gasto e GC-2025: - 171.680,95€ - % incremento do GC - 2025 respecto do límite da regra de gasto do mesmo exercicio: 18,87%.
III. Obxectivo de límite de débeda:	CUMPRE: 0 %

Tendo en conta os incumprimentos producidos na execución do orzamento do exercicio 2025, en aplicación do disposto na LOEPSF procede a elaboración dun plan económico-financeiro que lle permita ao Concello no ano en curso e o seguinte o cumprimento dos obxectivos de estabilidade presupostaria e regra de gasto, xa que de conformidade co establecido no artigo 21 da LOEPSF o PEF deberá conter medidas para o ano en curso (2026) e para o seguinte (2027).

2. CONTIDO E TRAMITACIÓN

Segundo o establecido no artigo 21 da LOEPSF, o Plan Económico-Financeiro conterá, como mínimo, a seguinte información:

- As causas do incumprimento do obxectivo establecido, ou no seu caso, do incumprimento da regra de gasto
- As previsións tendenciais de ingresos ou gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- A descrición, cuantificación e calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios nos que se contabilizarán.
- As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basan estas previsións, de conformidade co previsto no informe a que fai referencia o apartado 5 do artigo 15.
- Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos

Terase en conta igualmente o establecido no artigo 116.bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, o cal sinala como medida adicionais ás anteriores:

- supresión de competencias que exerza a entidade local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación
- xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir ou seus custos
- Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local
- Racionalización administrativa
- Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentario ou co obxectivo de débeda pública, ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.
- Unha proposta de fusión cun municipio colindante da mesma provincia.

Doutra banda, o artigo 9 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na LOEPSF, establece como contido do Plan o seguinte:

- As medidas correctoras aprobadas, cuantificadas e fundamentadas, sinalando a data da súa implementación. Estas medidas deberán ser coherentes coa variación interanual das súas previsións orzamentarias respectivas.
- A estimación e xustificación dos axustes de contabilidade nacional e a coherencia co límite de gasto non financeiro, calculado na forma que establece a regra do gasto.
- A evolución da débeda, o cumprimento do límite de débeda, as magnitudes de aforro bruto e neto, a estimación dos saldos de tesourería, o exceso de financiamento afectado e o remanente de tesourería para gastos xerais..

En canto á **tramitación** terase en conta a aplicación do seguinte calendario:

- Presentación do Plan Económico-Financeiro ante o Pleno municipal no prazo máximo dun mes dende que se constate o incumprimento.
- Aprobación polo Pleno municipal no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación.
- A posta en marcha do plan non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento.
- Remisión do Plan á Comunidade Autónoma así como á Comisión Nacional de Administración Local para o seu coñecemento.
- Publicación do Plan do mesmo xeito que se establece na lei para os orzamentos da entidade.

Debe terse en conta que, o artigo 28 de Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á Información Pública e Bo Goberno, establece que, constitúe infracción moi grave en materia de xestión orzamentaria:

- A non presentación ou a falta de posta en marcha en prazo do plan económico-financeiro ou do plan de reequilibrio de conformidade co artigo 23 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril.
- O incumprimento das obrigacións de publicación ou de subministración de información previstas na normativa orzamentaria e económico-financeira, sempre que neste último caso formulouse requirimento.

3. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ACTUAL

3.1.- A liquidación do orzamento municipal do exercicio 2025 ofrece as seguintes magnitudes:

- **REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS** : +664.435,69 €
- **RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO**: + 136.189,89 €
- **CAPACIDADE DE FINANCIACIÓN**: + 60.535,90€
- **AFORRO NETO**: +36.495,00 €
- **PORCENTAXE DE DÉBEDA RESPECTO DE RECURSOS ORDINARIOS LIQUIDADOS**: 0 %
- **REGRA DE GASTO**: -171.680,95- % incremento do GC - 2024 respecto do límite da regra de gasto do mesmo exercicio: + 18,87%.
- **PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES**: 20,03 días (último dato dispoñible correspondente ao 4º trimestre de 2025)

En relación á ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, o informe de intervención emitido con motivo da aprobación do expediente da liquidación orzamentaria, pon de manifesto os seguintes cálculos:

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA – 2025

I. Dereitos Recoñecidos – orzamento corrente - capítulos I a VII.	3.695.746,28
II. Obrigas recoñecidas – orzamento corrente - capítulos I a VII.	3.542.923,30
III. Déficit/Superávit orzamentario	+152.822,98
IV. Axustes:	
Axustes - Ingresos	
1) Recadación cap. I – III INGRESOS: Recadación – DRN:	-0,46
2) Participación nos ingresos do Estado	0
3) Consolidación de transferencias entre AAPP.	0
4) Fondos Europeos	0
5) Intereses devengados e non vencidos.	0
6) Devolucións de ingresos pendentes de aplicar o orzamento.	0
Axustes – Gastos:	
1) Intereses devengados e non vencidos.	0
2) Arrendamento financeiro.	0
3) Gastos pendentes de aplicar ao orzamento: 413:	-92.286,62
TOTAL AXUSTES:	-92.287,08
V. CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIACIÓN (3 - 4) – TOTAL:	+60.535,90

A liquidación do exercicio **2025 cumpre o principio de estabilidade** orzamentaria de acordo coa definición contemplada no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

O cumprimento do principio de SOSTIBILIDADE FINANCEIRA debe verificarse comprobando que a capacidade de asumir os compromisos de gasto presentes e futuros é compatible cos obxectivos de déficit e débeda pública.

A porcentaxe de débeda ven determinada na normativa orzamentaria pola relación existente entre o volume de operacións de endebedamento e o importe dos ingresos correntes liquidados no último exercicio. Tal e como se pon de manifesto no informe de intervención que acompaña á liquidación orzamentaria, esta porcentaxe é do 0 %.

ÍNDICE DE ENDEBEDAMENTO - 2025

I. INGRESOS CORRENTES (DR CAP. 1 - 5)	3.003.404,35
(-) Ingresos correntes afectados ou extraordinarios	1.694.039,74
TOTAL:	1.309.364,61
II. VOLUMEN DE DÉBEDA VIVA a 31.12.2019:	0
III. ÍNDICE ENDEBEDAMENTO (2/1)	0 %

Por AFORRO NETO enténdese a diferenza entre os dereitos liquidados polos capítulos 1 a 5 do orzamento de ingresos, e as obrigas recoñecidas polos capítulos 1, 2 e 4 do estado de gastos, minorados no importe da anualidade teórica de amortización dos préstamos pendentes de reembolso. Non se incluírán no cálculo do aforro neto as obrigas derivadas de modificacións de crédito que foran financiadas con remanente líquido de tesourería.

AFORRO NETO - 2025

	Exercicio 2025
1.- (+) Dereitos recoñecidos netos Capítulos I a V	3.003.404,35
2.- (-) Obrigacións recoñecidas netas Capítulos I, II, IV	2.838.915,23
3.- AFORRO BRUTO (1-2)	+164.489,12
4.- (-) Obrigacións recoñecidas netas Capítulos I, II, IV financiadas con RLTX.	-127.994,21
5.- AFORRO BRUTO FINAL (3-4)	+36.495,00
6.-(-) Anualidade da carga financeira (intereses máis amortización)	0
7.- AFORRO NETO (5-6)	+36.495,00
OBSERVACIÓNS:	
A. Aforro neto é positivo.	
B. Lémbrese o establecido para o Resultado Orzamentario e advértese que das obrigacións recoñecidas hai que restar as financiadas con remanente líquido de tesourería para gastos xerais tal e como se pode observar no cadro.	
C. Para o cálculo do Aforro Neto haberá que descontar ao Aforro Bruto total unha anualidade da carga financeira (intereses máis amortización)-----Da contabilidade do ano 2025 extráese que non houbo carga financeira realmente soportada no exercicio 2025 polo Concello de Sobrado.	

En canto á REGRA DE GASTO, o informe de intervención pon de manifesto o seu incumprimento.

O artigo 12 da LOEPSF esixe ás entidades locais que a variación de gasto computable no exercicio 2025 non sexa superior ao 3,20%. Sen embargo incúmprese este límite ao situarse por encima nun 18,87%,superándoo nun gasto igual a 171.680,95€.

REGRA DE GASTO - 2025

GASTO COMPUTABLE - LIQUIDACIÓN 2025	
1. Suma ORN capítulos 1 a 7	
· (-) Intereses de débeda computados no capítulo 3: Gastos financeiros.	0
Total:	3.542.923,30
2. Axustes SEC :	
- (+/-) Gastos realizados en exercicio pendentes de aplicar orzamento	+92.286,92
3. TOTAL EMPREGOS NON FINANCIEROS EN TERMOS SEC, EXCEPTO INTERESES DE DÉBEDA (1 +/- 2)	3.635.209,92
4. (-) Transferencias entre unidades que integran a Corporación local	0
5. (-) Gasto financiado con fondos finalistas (<i>Importe gastos financiados con fondos doutras AAPP, na parte financiada.</i>)	2.065.307,47
6. (-) Gasto (ORN) en Inversións financeiramente sostibles - DA 6ª LOEPSF Apartado 4	92.792,00
7. TOTAL GASTO COMPUTABLE DO EXERCICIO 2025:	1.454.034,50
8. Taxa de variación do gasto computable: 1.242.590,65 (GC2024) x 3,2% =	1.282.353,55
9.+(-)Incrementos permanentes de recaudación por cambios normativos	23.076,00
10. LÍMITE REGRA DE GASTO DO EXERCICIO 2025: (8+9)	1.305.429,55
OBSERVACIÓNS:	
1. Diferenza entre límite regra de gasto e gasto computable 2025: -171.680,95	
2. % incremento do GC - 2024 respecto do límite da regra de gasto do mesmo exercicio: +18,87 %	
CONCLUSIÓN:	
· A Corporación non cumpre o obxectivo da regra de gasto de acordo co a LO 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira cun desfase de: -171.680,90.	

4. XUSTIFICACIÓN DO INCUMPRIMENTO

A situación de incumprimento da regra de gasto coa liquidación do orzamento do exercicio 2025 ven motivada polos seguintes factores

4.1: A utilización no exercicio 2025 do remanente de tesourería para gastos xerais.

No ano 2025, aprobaronse diversos expedientes de modificación do orzamento financiados con remanente de tesourería para gastos xerais:

- Expte 2025/T002/000002, MC 2/2025 de concesión de créditos extraordinarios e de suplementos de crédito, por importe de 155.541,00 euros.

- Expte 2025/T002/000005, MC 5/2025 de suplementos de crédito, por importe de 153.467,00 euros.

-Expte 2025/T002/000007, MC 6/2025 de concesión de créditos extraordinarios e de suplementos de crédito, por importe de 107.875,00 euros

O total do remanente de tesourería para gastos xerais que financiou estas modificacións foi de 416.883,00 €.

Este mecanismo de financiación provoca que ditos ingresos, con destino a financiar gastos derivados da execución dos capítulos 1 a 7, é dicir, gastos non financeiros (correntes e de capital), teñen entrada no presuposto a través da aplicación presupostaria 87000 (remanente de tesourería para gastos xerais).

Estes ingresos teñen a consideración de ingresos financeiros, e posto que están financiando gastos de natureza non financeira xeran déficit, e por tanto, necesidade de financiación en termos de estabilidade presupostaria.

Esta utilización afecta de xeito distinto ao principio de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto.

O Concello de Sobrado obtivo na liquidación do exercicio 2024 un superávit orzamentario en termos da LOEPSF de + 266.190,40 € e un Remanente de tesourería para gastos xerais de 22.074.018,83€ ,

O gasto computable no exercicio 2023 foi de 1.772.291,42 € e no 2024 foi de 1.242.590,65 , o que respresenta una 29,89 % menos de gasto ,**esto supuxo partir dun gasto computable moi baixo para a capacidade financeira do Concello debido a unha inexecución presupostaria moi acusada en dito exercicio.**

Este Concello no ano 2025 recoñeceu obrigas con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais por importe de **416.883,00 €**, que non foron tramitados para financiar inversións financeiramente sostibles, destinouse a financiar gastos doutros capítulos sen consideración de Inversións financeiramente sostibles

Produciuse polo tanto un desequilibrio en termos de contabilidade nacional (SEC 2010) ao financiarse gastos non financeiros (capítulo 1,2 e 6 do orzamento de gastos) con ingresos financeiros (capítulos 8 de ingresos).

Se descontamos estas obrigas financiadas con RLTX no ano 2025, teríamos os seguinte gasto computable: 1.153.019,45 €. A Corporación, polo tanto, cumpriría o obxectivo da regra de gasto

É dicir, este concello ten capacidade financeira para consumir aforros prudentes manifestados a través do remanente de tesourería, sen que por elo se vexa afectado o cumprimento das regras fiscais establecidas na LOEPFS.

A xeito de resumo indícanse aquí os datos relativos á última liquidación orzamentaria na que se reactivaron a aplicación das regras fiscais :

EXERCICIO	REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	ESTABILIDADE ORZAMENTARIA		REGRAS DE GASTO
2024	+422.304,76 €	SI	NON	SI
2025	+664.435,69 €	SI	NON	NON

Dos datos expostos deducese a boa situación económico financeira do Concello de Sobrado e se pon de manifesto dúas circunstancias fundamentais:

- Os bos resultados obtidos nos últimos exercicios, cun resultado orzamentario e remanente de tesourería positivos que poñen de manifesto unha situación económica moi saneada.

- Un límite de Gasto Computable moi baixo para a capacidade financeira do concello, que se viu agravado por unha inexecución orzamentaria moi acusada no exercicio 2024.

4.2. Análise de gastos

Procédese coa análise tomando como referencia o exercicios anterior no que sí se cumpriu a regra de gasto.

Capítulos de gasto	ORN 2024	ORN 2025
Cap I Gastos de persoal	884.347,20	901.970,72
Cap II Gastos bens correntes e servizos	1.670.774,82	1.873.584,40
Cap III Gastos financeiros	0,00	0,00
Cap IV Transf correntes	66.142,90	63.360,11
Cap VI Inversións reais	451.593,61	696.689,29
TOTAL	3.072.858,53	3.535.604,52

Do cadro anterior despréndese que o gasto veuse claramente incrementado no capítulo II e VI no ano 2025.

O incremento do capítulo II débese ao incremento xeral de prezos en suministros e servizos así como á aprobación de dous expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos de gstos do exercicio anterior.

O incremento do capítulo VI se explica pola subvención outorgada polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia para a construción dun Centro de día , financiado con Fondos Next Generation da Unión Europea por importe de 348.572,37 €, o que supón o 100% da financiación.

Visto o anterior hai que analizar en que medida eses gastos dos capítulos II e VI, foron financiados con fondos finalistas. É importante que a execución dos gastos de capital sexa simultánea coa obtención dos ingresos que os financian, xa que en caso contrario contribúe a unha situación de desequilibrio, provocada polo recoñecemento dun gasto sen financiamento.

Exercicio	ORN cap. 6	DRN cap 7
2024	451.593,61	509.075,72
2025	696.689,29	692.341,93

Exercicio	ORN cap. 2	DRN cap 4
2024	1.670.774,82	1.853.247,73
2025	1.873.584,40	2.033.676,62

Partindo deste cadro, observamos que no exercicio 2025 a diferenza entre as ORN no capítulo 6 de gastos (investimentos) e os DRN no capítulo 7 de ingresos (transferencias capital que financian investimentos) non son significativas.

Partindo deste cadro, observamos que no exercicio 2025 diferenza entre as ORN no capítulo 2 de gastos (gastos correntes) e os DRN no capítulo 4 de ingresos (transferencias correntes) non son significativas

5. MEDIDAS A ADOPTAR PARA CORREXIR A SITUACIÓN

A liquidación do orzamento do exercicio 2025 non cumpre a Regra de Gasto. Isto determina o deber de elaborar un Plan Económico Financeiro que permita no exercicio actual e no seguinte o cumprimento do obxectivo indicado.

Quedou acreditado no punto anterior que a causa do incumprimento foi a utilización do remanente de tesourería para gastos xerais (subconcepto 8701.00) destinouse a financiar gastos doutros capítulos sen consideración de Inversións financeiramente sostibles.

A utilización do remanente de tesourería non é determinante dunha situación de déficit estrutural.

Una vez analizada a situación a 31 de decembro de 2025 cabe aludir polo seu interese e similitude á situación deste concello, a resposta que da Intervención Xeral da Administración Xeral do Estado a unha consulta formulada pola Deputación de Málaga e outra formulada polo Colexio de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local (COSITAL), que a súa vez reproduce o criterio da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, hoxe en día, Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local.

O remanente de tesorería configúrase como un ingreso financeiro cuxo uso esixe a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria para destinalo ao financiamento do fin imposto por unha norma con rango de lei de forma que, si

financia gastos de carácter non financeiro, dará lugar necesariamente aun incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e, posiblemente, do límite fixado pola regra de gasto. Sendo esto último o que aconteceu no Concello de Sobrado.

O remanente de tesorería, tería natureza de aforro que xenera unha entidade local nun exercicio pola obtención de maiores ingresos orzamentarios sobre as obrigas recoñecidas, de forma que ese aforro pode ser utilizados como fonte de financiamento de obrigas en exercicios posteriores naquel no que se obtivo. obtuvo.

Así, lexos de admitir que o uso do remanente por unha entidade local sexa determinante duna situación de déficit estrutural, debe identificarse con unha situación de superávit orzamentario no momento da liquidación do orzamento, por canto é froito dun aforro que permitirá a esa entidade o financiamento de parte dos gastos de outros exercicios sen ter que acudir a recursos financeiros aportados por terceiros

Á vista do anterior, como consecuencia do incumprimento da regra de gasto e da estabilidade orzamentaria, este Concello aprobará un PEF conforme á LOEPSF tendo en conta que o incumprimento responde a unha situación temporal, sen que poida avaliarse como déficit estrutural.

Acreditadas as causas do incumprimento, as medidas propostas para conseguir o cumprimento da estabilidade orzamentaria e a regra do gasto nos vindeiros exercicios 2026-2027 son as seguintes :

- Limitar ao máximo, no ano 2026 e 2027, a utilización do Remanente de Tesorería para a financiación de gastos, e en caso de necesidade destinalo a inversión financeiramente sostibles para asegurar o cumprimento das regras fiscais

- Procurar a realización de inversións que teñan asegurada na súa maior parte a financiación por outras administracións públicas.

- Aprobar o orzamento cumprindo os obxectivos de estabilidade orzamentaria é a regra do gasto, xestionando coa máxima atención o cumprimento destas regras ,

6. PREVISIÓN DE EVOLUCIÓN DAS MAGNITUDES ECONÓMICAS E ORZAMENTARIAS

Contéplanse as previsións tendenciais dos gastos baixo as premisas do incremento dos porcentaxes permitido para os vindeiros anos, e no relativo aos ingresos incrementase por igual na mesma porcentaxe. **A día de hoxe está en proceso de elaboración o orzamento de 2026.**

Polo que para o exercicio 2026 e 2027 estimase un incremento do 2%

- Estabilidade orzamentaria:

Exercicio	Ingresos non financeiros	Gastos non financeiros	*Axustes entidade	Capacidade/necesidade de financiación
2025	3.695.746,28	3.542.923,30	-92.287,08	+60.535,90
2026	3.769.661,20	3.613.781,76	-92.287,08	+63.592,36
2027	3.845.054,42	3.686.057,40	-92.287,08	+66.709,94

*Os axustes da entidade débense principalmente á conta 413 :

- Respecto da Regra de gasto, coa adopción das medidas sinaladas anteriormente, a evolución do seu cumprimento para 2026 e 2027 deberá ser a seguinte:

Exercicio	Gasto computable n-1	Taxa ref*	Limite regra de gasto n con aplicación de axustes por maior recadación permanente	Gasto computable n	Cumprimento regra
2025	1.242.590,85	3,20	1.305.429,55	1.477.110,45	-171.680,90
2026	1.477.110,45	3,50	1.528.809,31	1.528.809,31	0
2027	1.528.809,31	3,40	1.580.788,83	1.580.788,83	0

- Sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, vendo a tendencia dos últimos exercicios, e ao adoptase as medidas previstas para o cumprimento da RG, prevese que o Concello de Sobrado continúe nunha tendencia de superávit.

- Respecto da Evolución da débeda, non existe débeda viva nese concello nin está prevista ningunha operación de endebedamento, polo que enténdese que e cumprirá o límite da débeda, sen necesidade de facer previsións.

- O resultado orzamentario axustado foi positivo nos últimos anos polo que prevése que o seguirá sendo nos vindeiros exercicios.

7. SEGUIMIENTO E CONTROL

O presente plan económico financeiro de obrigada elaboración como consecuencia do incumprimento da regra do gasto na liquidación do orzamento do exercicio 2025, se presentará pola alcaldía ao pleno municipal para a súa aprobación.-

O control será realizado polo órgano de Tutela Financeira da Xunta de Galicia, a través dos informes de intervención anuais(aprobación do orzamento, liquidación...) e trimestrais(de remisión de información económica-orzamentaria) nos que se poñera de manifesto se es estan a cumprir os obxectivos marcados

Sobrado, a 26 de marzo de 2026

O alcalde

Luis Lisardo Santos Ares

2026/1887